

A OBXECCIÓN DE CONCIENCIA NA DOCENCIA PRÁCTICA

NORMATIVA APROBADA NA XUNTA DE FACULTADE DO 26 DE MAIO DE 2005

Premisa 1: a Bioloxía estuda e investiga a vida dende perspectivas moi diferentes que van dende os ecosistemas ata as moléculas. Ás veces é necesario traballar con seres vivos aínda que sempre cunha finalidade positiva, tanto docente como investigadora.

Premisa 2: as prácticas con animais de experimentación nesta facultade ou a toma de mostras na natureza deberán estar suxeitas a normativa legal europea, estatal e autonómica.

Premisa 3: o número de animais que se sacrifiquen en cada práctica será sempre o mínimo e farase de xeito que o animal sufra o menos posibel.

Tendo en conta estas tres premisas, **a Facultade de Bioloxía da USC acorda:**

- 1)** Respetar o dereito dos alumnos/as a empregar animais de experimentación, é dicir aqueles que se empregan na docencia práctica, sempre e cando sexa necesario para a súa formación académica.
- 2)** Respetar o dereito dos alumnos/as á obxección de conciencia na realización de prácticas que requiran o sacrificio de animais de experimentación.
- 3)** No suposto da obxección de conciencia o alumno/a, de acordo co criterio do profesor, terá as seguintes alternativas, que non teñen porque ser excluíntes, para completar a súa formación práctica:
 - Ausentarse no momento do sacrificio do animal, e volver ao laboratorio para proseguir a práctica.
 - Facer unha práctica alternativa que pode consistir na visualización dun vídeo explicativo do proceso ou nun traballo bibliográfico.
 - Calquera outra que a xuízo do profesor poda empregarse para a formación do alumno.
- 4)** O inicio do curso, na presentación da programación docente, informarase aos alumnos da posibilidade de obxección a participar, directa ou indirectamente, no sacrificio dos animais necesario para a realización da práctica.
- 5)** A obxección de conciencia deberase sustanciar mediante escrito dirixido ao Sr. Decano da facultade e presentado nos prazos que se indiquen en cada caso.
- 6)** O feito de exercer a obxección de conciencia, no sentido manifestado neste acordo, nunca debe influír na nota final que acaden os alumnos.